

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 20 DE OUTUBRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Tui (Pontevedra).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Tui (Pontevedra).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Redondela (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de todo o dominio público correspondente ao treito da estrada AC-240 situado entre os PP.QQ. 31 + 800 e 32 + 050 cunha lonxitude de 250m, a prol do Concello de Vedra.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre o balance de programas de concienciación ambiental nos centros escolares en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2015/16.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Resolución pola que se adxudican as axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a creación do Rexistro Galego do Ictus.

- Informe sobre a concesión do Selo de Excelencia Europea 400+ á Fundación Pública Urxencias Sanitaria de Galicia-061.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL


- Informe sobre a memoria do Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), no período 2012-2015.
- Informe de situación do Plan de reestruturación parcelaria 2016.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ESCUDO E A BANDEIRA DO CONCELLO DE TUI E A BANDEIRA DE REDONDELA (PONTEVEDRA)

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se aproban o escudo e a bandeira do concello pontevedrés de Tui e á bandeira de Redondela.


Escudo e bandeira Tui

No caso do Concello de Tui, o escudo é azur, o crecente de prata sinistrado de tres estrelas de ouro. Ao timbre, a coroa real. A bandeira é un pano azul e ao centro unha franxa horizontal branca dun terzo do ancho.



Bandeira Redondela

A bandeira de Redondela, pola súa banda, queda fixada como pano de cor granate, a letra R maiúscula de ouro (amarelo) posta no centro e acompañada de tres vieiras tamén de ouro, dúas no xefe e unha na punta



A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE AO CONCELLO DE VEDRA O TRAMO URBANO DA ESTRADA AC-240, NA PONTE ULLA

- ***A transferencia será efectiva no día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***
- ***A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega***
- ***Corresponderanlle ao Concello de Vedra, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía***

O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se autoriza a transferencia ao Concello de Vedra do tramo urbano da estrada AC-240, ao seu paso polo núcleo da Ponte Ulla.

O Concello de Vedra solicitou ao Goberno galego o cambio de titularidade deste treito da estrada autonómica AC-240, de 250 metros de lonxitude, que pasa polo termo municipal atravesando o solo urbano da Ponte Ulla.


A Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais, así como de elementos funcionais e espazos da zona de dominio público adxacente.

Este cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O procedemento establecido nesta Lei permitiu axilizar este tipo de expedientes, que son beneficiosos para a Xunta de Galicia, ao non ter que explotar un elemento funcional que deixou de ter funcionalidade, e para o Concello, xa que permite a súa utilización para fins de interese público e municipal.

De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Corresponderanlle ao Concello de Vedra, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das estradas.



OS PROGRAMAS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL DA XUNTA CHEGARON A PRETO DE 10.800 ALUMNOS O CURSO PASADO

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe o balance das actividades que desenvolven en colaboración a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no marco do Plan Proxecta*
- *En total, desde 2012, case 41.000 alumnos de 645 centros participaron nalgunha destas iniciativas*
- *Desenvólvense 8 programas distintos, que se centran en temáticas como a paisaxe, o urbanismo, o clima, a reciclaxe, a protección dos ríos e o coidado dos animais e da natureza*

Os programas de educación ambiental que desenvolven en colaboración a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no marco do Plan Proxecta chegaron o curso pasado a uns 10.800 alumnos de 171 centros educativos de toda Galicia.

Así se desprende do informe que coñeceu hoxe o Consello da Xunta e que dá conta do balance de actividade desta iniciativas. En concreto, se se toma como referencia 2012, os datos de participantes chegan aos preto de 41.000 alumnos e aos 645 centros educativos.

En total, desenvólvense 8 programas que teñen como obxectivo promover a educación ambiental e a sensibilización de nenos e adolescentes sobre a importancia de preservar o contorno natural. As temáticas en que se centran estas actividades pasan pola paisaxe, o urbanismo, o clima, a reciclaxe, a protección dos ríos e o coidado dos animais e da natureza.

Así, o primeiro deles, baixo a denominación de “Paisaxe e sustentabilidade”, proporciona os recursos necesarios para comprender e interpretar paisaxes próximas, identificando os seus elementos constitutivos, a diversidade e o valor cultural. De feito, a experiencia acumulada durante a aplicación deste programa permitiu a creación da materia de libre configuración autonómica do mesmo nome que se está impartindo desde o curso pasado en varios centros educativos.

“Meteoescolas”, o segundo dos programas, ten como obxectivo crear unha comunidade de profesores, alumnos e científicos que traballen na tarefa común de coñecer mellor o clima galego. Para conseguilo, os centros reciben en depósito equipamentos de medida de variables atmosféricas e o alumnado, coa supervisión do profesorado, toma datos de precipitación e temperaturas que se introducen na web de Meteogalicia para obter unha serie de estatísticas.

O terceiro dos programas, “Protexe o teu medio”, persegue tamén crear unha comunidade escolar investigadora, neste caso centrada na mellora da calidade do aire, das augas e do solos. Así, prevé que os centros realicen análises fisicoquímicas en diferentes matrices (augas, augas de chuvia e solos), co apoio do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, que tamén poderán visitar para coñecer o seu funcionamento.

“Proxecto Terra”, pola súa banda, xurdiu como unha iniciativa do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG). Trátase dun programa pioneiro que busca achegar ao alumnado as peculiaridades das construcións, materiais e técnicas galegas. En 2010 recibiu o Premio nacional de arquitectura e urbanismo. Ao abeiro deste programa, a totalidade de centros recibe material divulgativo, ao tempo que se organizan actividades complementarias para os alumnos, así como xornadas de formación de profesorado.

O quinto programa ten como obxectivo divulgar a xestión sustentable dos residuos urbanos. “Recíclate con Sogama” logrou implantar a recollida selectiva nun bo número de colexios. Para conseguilo, Sogama proporciona aos centros medios materiais e didácticos, como illas de reciclaxe conformadas por tres colectores ou compostadores. Ademais, cada ano convócanse os premios “Recíclate con Sogama” para recoñecer o labor desenvolvido polos colexios.

A sexta das actividades, o “Proxecto Ríos”, tamén é froito da colaboración, neste caso entre Augas de Galicia e Adegas. Busca concienciar a cidadanía sobre o respecto e a defensa dos ríos galegos. Fundaméntase na realización de inspeccións aos ríos por parte de voluntarios locais, co obxectivo de facerse responsables da vixilancia (adopción) do río en cuestión. Distintos colectivos participan neste proxecto, entre os que están os centros educativos. Cada colexio traballa en actividades didácticas relacionadas coa auga e fai saídas aos ríos empregando os medios que o proxecto pon á disposición de calquera voluntario.

Este ano, como novidade, desenvolveuse por primeira vez o programa “Protexe os animais”, que pretende fomentar a concienciación no respecto e protección dos animais domésticos, para asentar valores fundamentais na tenza responsable de mascotas e para analizar actos e condutas non desexadas, como o abandono ou o maltrato.

Xa por último, o oitavo dos programas é “Naturézate”, que busca introducir na infancia conceptos básicos de conservación da natureza a través da figura dos parques naturais, así como tamén persegue fomentar a sensibilización cara ao patrimonio natural de Galicia e desenvolver o sentido da responsabilidade cara á conservación dos recursos naturais. Conta con catro subprogramas: “Internatura”, que se basea no intercambio de experiencias en rede con escolares que vivan nun parque natural;

“Maxia natural”, para a elaboración de material gráfico que reflicta a maxia da natureza galega; “Voando en inverno”, para iniciar o alumnado no mundo da ornitoloxía galega, e “Natureza activa”, que fomenta o desenvolvemento sustentable e a promoción e valoración económica dos recursos naturais, sociais e culturais nun espazo protexido, traballando as habilidades de emprendemento empresarial sostible.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 2 MILLÓNS DE EUROS A IMPULSAR A INNOVACIÓN E O TALENTO NOS CENTROS TECNOLÓXICOS CONSOLIDADOS

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria resolve unha nova convocatoria dos contratos-programa para sete centros tecnolóxicos galegos recoñecidos pola súa excelencia: a Aimen, Anfaco-Cecopesca, ITG, Gradiant, EnergyLab e CTAG súmase este ano o Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (Cetim)***
- ***O financiamento, a través da Axencia Galega de Innovación, reforza o funcionamento destes centros á marxe de proxectos concretos, con especial atención á captación e retención de talento investigador, contribuíndo a que estes centros sumen preto de 900 empregos hoxe en día***
- ***Os beneficiarios da iniciativa, enmarcada dentro da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), teñen acreditado o cumprimento de exixentes indicadores de actividade centrados na súa capacidade para transferir resultados á empresa***
- ***A Consellería mantén así a súa aposta polos centros tecnolóxicos consolidados, que percibiron máis de 8 millóns de euros durante as catro convocatorias realizadas desde 2013***
- ***Estas axudas súmanse a outras iniciativas autonómicas para favorecer a cooperación destes centros co tecido empresarial galego, como o Conecta Pemes, o Innterconecta e as unidades mixtas de investigación***

A Xunta de Galicia, dentro do seu compromiso co impulso á transferencia de resultados da investigación á empresa e á mellora da competitividade do tecido empresarial galego, resolveu unha nova convocatoria dos contratos-programa para os centros tecnolóxicos galegos consolidados. En total, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), destina preto de 2 millóns de euros ao seu financiamento estable, é dicir, non dependente de proxectos concretos, con especial atención ao impulso da actividade innovadora e ao talento.

A resolución das axudas, da que se informou hoxe no Consello da Xunta, fixa que os beneficiarios, que se presentaron á convocatoria competitiva, son os sete centros tecnolóxicos galegos que figuran no rexistro estatal do Ministerio de Economía e Competitividade. Nesta edición, súmase a esta lista o Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (Cetim) -con sede no edificio CICA (Centro de Investigacións Científicas Avanzadas), no Parque Tecnolóxico da Universidade da Coruña-, que percibe unha axuda de preto de 85.000 euros.

O resto dos beneficiarios son o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), que conseguiu máis de 465.000 euros; a Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradiant), que se fixo con preto de 403.000 euros; a Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (Aimen) logrou máis de 401.000

euros; Anfaco-Cecopesca recibirá máis de 245.000 euros; o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), máis de 194.000 euros, e a Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sustentabilidade Enerxética (EnergyLab), con máis de 78.000 euros.

As axudas ligadas a estes contratos-programa non só posibilitan o financiamento de equipamentos ou investimentos, senón que resultan unha vía fundamental para a retención de capital humano mediante actuacións que facilitan a contratación, consolidación e formación de persoal investigador. Neste sentido, a resolución deste ano dará continuidade ás cifras acadadas nas tres primeiras convocatorias, que contribuíron á xeración ou mantemento de 216 postos de traballo. Deste xeito, os sete centros tecnolóxicos consolidados suman hoxe en día 876 empregos, mantendo un elevado nivel competitivo nos seus recursos humanos e materiais, e cumprindo o seu labor no Sistema Galego de Innovación.

Os contratos-programa encádranse no desenvolvemento da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), cuxas liñas de actuación se orientan á captación de financiamento, ao apoio ao talento galego, e á transferencia de resultados da investigación ao mercado. Os requisitos para o acceso a este financiamento están baseados en exixentes indicadores de actividade, centrados prioritariamente na capacidade para transferir resultados á empresa e, polo tanto, contribuír de maneira decisiva á competitividade e o crecemento da economía galega.

Balance de axudas concedidas

A través desta iniciativa, o Goberno galego leva achegados xa nas catro convocatorias realizadas, entre 2013 e 2016, máis de 8 millóns de euros aos centros consolidados, contribuíndo ao seu funcionamento estable; unha cifra que supera os 15 millóns de euros se se suman outras axudas concedidas desde 2009 a estes centros para proxectos que favoreceron a súa consolidación e estruturación. Deste xeito, a Xunta aposta por contar en Galicia con centros tecnolóxicos fortes e excelentes capacitados para atraer talento investigador, un compromiso que persegue o seu óptimo funcionamento, consolidando o seu gran potencial para xerar coñecemento transformable en innovación mediante a súa valorización no mercado.

De feito, as axudas concedidas pola Gain nos últimos 8 anos, entre 2009 e 2016, para os centros tecnolóxicos galegos consolidados, tanto en axudas en concorrencia competitiva como a través de convenios, ascenden aos 98 millóns de euros.

Diferentes programas de colaboración

Estas axudas súmanse a outros programas para impulsar en Galicia a innovación a través da cooperación dos centros co tecido empresarial galego, como o Conecta Pemes, dirixido ás pequenas e medianas empresas e que mobiliza máis de 100 millóns de euros para a execución de 133 proxectos desenvolto por máis de 500 empresas; o

Innterconecta, para proxectos entre grandes consorcios de empresas e centros de coñecemento e que mobilizou, nas tres primeiras convocatorias en Galicia, 307 millóns en 172 proxectos de innovación en que participan 565 empresas; as unidades mixtas de innovación, nas cales grandes empresas están a colaborar con centros de coñecemento e nas cales, unha vez que se resolva a terceira convocatoria, se terán mobilizado ao redor de 87 millóns de euros en 25 proxectos que xeran 360 empregos cualificados; os convenios de infraestruturas científicas; ou os acordos de colaboración coa Alianza Tecnolóxica Intersectorial dos Centros Tecnolóxicos de Galicia (Atiga) a través de Gain e do Igape.

SANIDADE CREAMÁ UN REXISTRO GALEGO DO ICTUS

- *Será unha ferramenta imprescindible para posteriores análises da capacidade de mellora na abordaxe da súa atención*
- *O Plan ictus do Servizo Galego de Saúde, presentado o pasado mes de xullo, permitirá diminuír a mortalidade das persoas que sofren un ictus isquémico en Galicia*
- *O ano pasado ingresaron por ictus nos hospitais galegos 4.256 persoas*

A Consellería de Sanidade está a traballar na tramitación da Orde de creación do Rexistro galego do ictus. Así o comunicou o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, na reunión semanal do Executivo galego.

Este rexistro supón unha ferramenta imprescindible para posteriores análises de capacidade de mellora na abordaxe da súa atención, ao abeiro do Plan galego de atención ao ictus.

Rexistraranse obrigatoriamente serán todos aqueles episodios relacionados coa atención do paciente.

Cómpre subliñar que estes sistemas de información permiten a continua mellora na atención sanitaria dispensada, así como a planificación e ordenación de recursos consonte as verdadeiras necesidades dos pacientes acreditadas grazas a este instrumento de xestión.

Funcionamento do Plan de ictus

O Plan ictus do Servizo Galego de Saúde, presentado o pasado mes de xullo, permitirá diminuír a mortalidade das persoas que sofren un ictus isquémico en Galicia. A través del, o Sergas diminuír o tempo transcorrido entre o inicio dos síntomas e a chegada ao hospital, reducirá a demora na confirmación diagnóstica, adecuará o procedemento terapéutico ás necesidades específicas asistenciais do paciente e coordinará a actuación entre os distintos profesionais.

O ano pasado ingresaron por ictus nos hospitais galegos 4.256 persoas. De feito, está no Plan de prioridades da Consellería de Sanidade porque é unha das causas de mortalidade na Comunidade Autónoma; unha das patoloxías que causa máis anos de esperanza de vida perdidos; unha das doenzas que ocasiona máis perdas de anos de vida axustados por discapacidade; unha das causas de morbilidade hospitalaria, e, por último, supón a unha das causas de discapacidade permanente na idade adulta.

O Plan require unha estreita colaboración entre os servizos de emerxencias médicas, os centros de atención primaria e os hospitais comarcais, e os centros de referencia.

Neste sentido, cando unha persoa sufra algún dos síntomas de ictus, deberá chamar ben el ou ben algún acompañante ao 061. Estes síntomas resúmense en tres F: *Fala* (non ser capaz de dicir correctamente palabras simples), *Forza* (non poder elevar os brazos á mesma altura máis de dez segundos) e *Faciana* (non mostrar todos os dentes ao sorrir).

Nese momento, o médico deste organismo confirmará a existencia do ictus a través do protocolo específico, activará un código ictus e unha ambulancia recollerá o paciente para o seu traslado ao hospital máis próximo, mentres a central do 061 avisa da súa chegada. Unha vez no hospital, terá acceso prioritario ao Servizo de Radioloxía do centro, onde se lle fará un TAC cranial de diagnóstico.

Os médicos de urxencias contactarán co Centro de Atención ao Ictus, que estará dispoñible as 24 horas do día os 365 días do ano. Naqueles casos que, polas súas características, sexan susceptibles de fibrinolise (re canalización vascular), esta medicación será administrada no propio servizo de urxencias.

A través de videoconferencia co neurólogo do Centro de Atención ao Ictus, este poderá examinar a persoa mediante unha cámara web de alta resolución, interrogala e interpretar o TAC que se lle realizou. Logo desta avaliación, decidirá se o paciente é candidato a ser trasladado a un hospital cunha unidade de ictus -en Galicia hai tres, na Coruña, Santiago e Vigo- para a realización dunha trombectomía. O traslado farase no menor tempo posible e, unha vez alí, realizarase un tratamento de neuroloxía intervencionista consistente en recanalizar a obstrución que está producindo o ictus.

O 061 OBTÉN O SELO DA EXCELENCIA EUROPEA 400+ POLO COMPROMISO COA CALIDADE E A EXCELENCIA NA SÚA XESTIÓN

- *Neste momento é o único servizo de emerxencias sanitarias no ámbito autonómico con este nivel de certificación*
- *Trátase dun recoñecemento concedido pola Fundación Europea para a Xestión da Calidade (EFQM) cuxo sistema de acreditacións é un dos de maior relevancia e prestixio internacional a nivel público e privado*

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, organismo dependente da Consellería de Sanidade, obtivo o Selo de Excelencia Europea 400+ outorgado polo Club de Excelencia, en representación da Fundación Europea para a Xestión da Calidade (EFQM), como recoñecemento á calidade, rigor e compromiso na prestación do servizo de urxencias e emerxencias extrahospitalarias á cidadanía galega. Neste momento é o único servizo de emerxencias sanitarias no ámbito autonómico con este nivel de certificación.

A derradeira avaliación externa para a concesión do selo tivo lugar no mes de xuño e foi levada a cabo polos auditores do Club Excelencia en Xestión e da entidade de certificación Aenor. Nela, os avaliadores recoñeceron os avances na mellora continua e confirmaron que a puntuación outorgada ao 061 de Galicia supera os 400 puntos segundo os criterios do Modelo EFQM de Excelencia.

A concesión deste selo supón o mantemento do compromiso coa avaliación da xestión do servizo e o desenvolvemento dos procesos que permitan a mellora continua da organización. Ademais, este recoñecemento sitúa a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 como unha das organizacións que cumpre os niveis de excelencia na xestión definidos polo EFQM, cuxo sistema de recoñecemento constitúe hoxe en día unha das acreditacións de maior relevancia e prestixio internacional tanto a nivel público como privado.

Compromiso coa cultura da calidade

Desta maneira, Urxencias Sanitarias de Galicia-061 reforza o compromiso que vén mantendo coa implantación gradual da cultura da calidade. No ano 2004, o Servizo de urxencias e emerxencias extrahospitalarias galego adoptou o modelo da Fundación Europea para a Xestión da Calidade como referencia para a xestión do servizo.

No dito ano realizouse a primeira autoavaliación do servizo e creouse un Comité de seguimento do plan de calidade. No ano 2009, Urxencias sanitarias de Galicia-061 obtivo o Selo Compromiso de Excelencia Europea. Dous anos despois, en 2011, concedéuselle o Selo de Excelencia Europea 300+ que foi renovado aos dous anos.

De cara ao futuro, o obxectivo de Urgencias Sanitaria de Galicia-061 baséase en consolidar o nivel de excelencia acadado e conseguir novas metas, mantendo sempre as necesidades dos usuarios, e da poboación galega en xeral, como como punto de referencia para optimizar a mellora da asistencia sanitaria e da accesibilidade dos usuarios a este servizo.

O INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA REALIZOU MÁIS DE 115 PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN ENTRE 2012 E 2015

- ***Este organismo, dependente da Consellería do Medio Rural, fixo nese período máis de 800 auditorías para asegurar o control e certificación da calidade diferenciada***
- ***O seu labor investigador traducíuse en máis de 500 publicacións e relatorios en congresos nacionais e internacionais e organizou diferentes xornadas e encontros de interese para o sector aos cales asistiron máis de 4.100 persoas***

O Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal) levou a cabo no período 2012-2015 máis de 115 proxectos de I+D+i, dos cales por riba do 60 % foron destinados á prestación de servizos tecnolóxicos a empresas do sector. Estes datos figuran no informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, que resume a memoria de actividades do Ingacal no devandito período.

Este organismo dependente da Consellería do Medio Rural realizou no devandito período un total de 807 auditorías a envasadores e produtores para asegurar o control e certificación de 16 figuras de calidade diferenciada. Ademais, en 8 delas leváronse a cabo tarefas de secretaría e xestión económico-administrativa.

O Ingacal desenvolveu tamén 76 actuacións relacionadas coa mellora e conservación de recursos fitoxenéticos agrícolas e forestais, que contribuíron ao mantemento dese patrimonio e da súa diversidade.

O seu labor investigador traducíuse en máis de 500 publicacións e relatorios en congresos nacionais e internacionais e organizou diferentes xornadas e encontros de interese para o sector as cales asistiron máis de 4.100 persoas. A maiores, os laboratorios que coordina o Ingacal levaron a cabo neses 4 anos preto de 2 millóns de determinacións analíticas de produtos agrarios e alimentarios.

Ademais, no ano 2015 conseguiuase a acreditación pola ENAC na norma *UNE-EN-ISO 17025* dos parámetros básicos das análises de viños na Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega). Este centro súmase así ao Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia que conta xa con 49 ensaios acreditados para viños, bebidas espirituosas, queixos, leite cru e tratado, produtos cárnicos, mel, solos e fertilizantes.

A memoria do Ingacal reúne tamén os traballos de investigación e transferencia tecnolóxica desenvolvidos polos centros e laboratorios que coordina, en colaboración cos axentes do sector. Deste xeito, o forte desenvolvemento das producións con indicación xeográfica protexida e denominación de orixe protexida atopa unha

ferramenta útil para cumprir os requisitos que exige a normativa europea para o control e a certificación.

A XUNTA INVISTE EN 2016 MÁIS DE 27 MILLÓNS DE EUROS PARA IMPULSAR AS ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS RURAIS

- ***A maior parte dos fondos corresponden ao Plan de reestruturación parcelaria 2016***

A Xunta destina este ano un total de 27,1 millóns de euros a impulsar as estruturas e infraestruturas rurais, co fin de potenciar as explotacións e mellorar a calidade de vida no agro galego. O Consello do Goberno galego avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural que resume todas estas actuacións.

A meirande parte dos fondos (23,4 millóns de euros) corresponden ao Plan de reestruturación parcelaria 2016. Ao rematar este ano estarán concentradas unhas 21.000 hectáreas e haberá 17.838 novos propietarios. Ao longo deste exercicio ordenáronse 26 zonas, que ou ben xa están totalmente rematadas ou atópanse nas últimas fases do proceso, aquelas que permiten aos seus propietarios comezar a usar os novos predios, coa aprobación da toma de posesión.

Dentro deste plan, a maior parte dos fondos dispoñibles (17,8 millóns de euros) están destinados á execución das redes de camiños principais e secundarias, e a cantidade restante (3,2 millóns de euros) permitirá o acondicionamento de terreos, isto é, a colocación de entradas e a eliminación nas leiras de restos de muros ou desniveis que impidan a súa axeitada explotación. A maiores destas achegas, hai orzamentados outros 2,4 millóns de euros destinados a servizos técnicos que están a permitir a superación das distintas fases administrativas, como son a identificación dos propietarios, a clasificación das terras, a marcación dos predios e a preparación de toda a documentación necesaria.

Actuacións urxentes

Por outra banda, o Plan de actuacións urxentes en zonas de reestruturación, dotado con 3,7 millóns de euros, destínase á mellora da capa de rodaxe de camiños principais de reestruturación que comuniquen núcleos entre si, ou núcleos con estradas e que se encontren en malas condicións.

Con todo este investimento –máis do dobre do que se fixo en anos anteriores– realízase unha clara aposta polo sector agrario, co obxectivo de mellorar a base territorial das explotacións agrícolas e, sobre todo, das agrogandeiras.